


REGLAS DE FLOORBALL

O FLOORBALL é unha adaptación do Bandy, hockey sobre xeo de orixe sueca, no que os dous equipos empregan bastóns de plástico lixeiro cos que manexan unha bola de plástico con buratos co obxectivo de metela na portería contraria.

1. CAMPO

Xógase sobre unha superficie lisa de dimensións variables. No noso caso, as porterías están separadas do fondo 1m. e a área de portería é un rectángulo que mide 3x1,5m.



2. OBXECTIVO DO XOGO

Consiste en conseguir máis goles que o contrario en dous tempos de 15 minutos.

Gol: cando a bola traspasa **totalmente** a liña de gol.

- O gol só é válido se se mete **co bastón**.
- O gol non vale se o/a xogador/a está **detrás da liña de portería**.
- Se se move a portería e entra a bola, o gol só é **VÁLIDO** se a moveu un/ha xogador/a **defensor/a** e **NON VALE** se a move o/a porteiro ou un/a atacante.

3. PORTEIR@

Pódese xogar **con ou sen porteir@**. No caso de que un equipo decida **xogar con porteir@**:

1. Non terá bastón.
2. Poderá parar con calquera parte do corpo.
3. Poderá estar de pé ou anicado pero non de xeonllos, sentad@ ou deitad@.
4. Non poderá estar na portería máis de 5 minutos seguidos en cada

5. tempo. Se colle a pelota coa man, deberá xogala en menos de 3 segundos e a bola ten que tocar o chan, o borde do campo ou a algún/ha xogador/a antes de pasar a liña central do campo.
6. Non pode conseguir gol directamente na portería contraria.
7. Non pode saír da área de portería.

4. SAQUE NEUTRAL

Realízase




- Ao comezo de cada parte
- Despois dun gol.
- Despois dun penalti que non foi gol.

Efectúase


- Desde o centro do campo
- Cada equipo no seu campo
- O equipo contrario a 3m. da bola

Hai que facelo cun xogador de cada equipo no centro do campo, cos bastóns perpendiculares á liña e os dous pés apoiados no chan. Pódese conseguir GOL.

5. ESTÁ PERMITIDO




6. SAQUE DE FALTA




- Efectúase desde o lugar **onde se cometeu.**
- O resto d@s xogadores/as están a **3 metros.**
- **Non se pode** lanzar directamente a portería.
- Se a falta é detrás da liña de portería, sácase na **prolongación** desta liña.
- A falta ten que sacarse a un **mínimo de 3m. a área de portería** e, neste caso, pode haber **barreira.**

7. PENALTI



- Colócase un/ha xogador/a como **porteir@, con bastón**.
- Tódol@ xogadores/as están no **campo contrario** a 3 m. do que ten a bola
- Faise cun/ha xogador/a **desde o medio campo**. Vai avanzando e tira.
- Despois do lanzamento, o xogo continúa.


8. ESTÁ PROHIBIDO



- Entrar na área de portería:
- **Penalti**, se entra un/ha defensor/a
 - **Falta**, se entra un atacante.





Levantar o bastón por riba do xeonllo: **FALTA**.




Parar a bola coa **cabeza** ou coa **man**: **FALTA**.


Pasar a un/ha compañeir@ co pé: **FALTA**.



Levantar ou enganchar o bastón do contrario: **FALTA. EXPULSIÓN 5'**.



Xogar a pelota deitado no chan: **FALTA. EXPULSIÓN 2'**.



Lanzar o bastón: sanciónase con **PENALTI. EXPULSION 5'**.

Hai expulsións de **2 e 5 minutos** e **definitiva** segundo a gravidade da falta.



Empurrar, agarrar ou zancadillear ao contrario: sanciónase con **PENALTI. EXPULSIÓN 2'**.